

Nota de prensa
do SLG

10-10-2008

As Comunidades de Montes de Romariz e Labrada de Abadín denuncian o roubo de madeira na zona da Fragavella

Membros das directivas das **Comunidades de Montes de Romariz e Labrada de Abadín**, veñen de poñer en coñecemento da Garda Civil de Abadín, o feito de que na **zona da Fragavella** -pertencente ós Montes Comunais de Romariz, Labrada de Abadín, Estelo e Figueiras de Mondoñedo- **estase a talar e levar madeira sen permiso dos comuneiros/as.**



■ De esquerda a dereita, @s representantes das mancomunidades afectadas: XAVIER PRIETO (SECRETARIO LABRADA), HENAR ROMAN (PRESIDENTA LABRADA), DANIEL LOPEZ (PRESIDENTE DE ROMARIZ), MANUEL RIVAS (VICEPRESIDENTE DE LABRADA)

Dende o Sindicato Labrego Galego, manifestamos o noso apoio ás reivindicacións dos comuneiros/as ao respecto da propiedade do monte, como xa o fixemos no ano 1996.

Asemade, pedimos á Consellaría do Medio Ambiente que cese todo tipo de actuación no Monte Comunal propiedade do veciños/as.

Os servizos xurídicos do Sindicato Labrego pónense a disposición d@s
veciñ@s afectad@s.

Antecedentes

No ano 1996, a veciñanza impediu que se realizase o peche desta zona por parte da Consellaría de Medio Ambiente, xa que se trataba de propiedade veciñal, clasificado como Monte Veciñas en Man Común polo Xurado Provincial de Montes e inscrito no rexistro da propiedade.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

HENAR ROMAN, PRESIDENTA DA COMUNIDADE LABRA – ABADIN
TLF:654194446

MARGARIDA PRIETO LEDO, COORDINADORA COMARCAL DO SLG
TLF. 659985308